



Parte da proba de acceso substitutiva do bacharelato nas ensinanzas artísticas profesionais de Artes Plásticas e Deseño

Materia: Filosofía

Grao	SUPERIOR	Data		DNI/NIF	
Alumno/a					
Cualificación					

INSTRUCCIÓN

Formato

A proba consta, en primeiro lugar, de 10 exercicios tipo test. O alumnado deberá elixir unha única opción e sinalar a resposta correcta a cada pregunta tipo test na táboa de respostas ao final do caderno. En segundo lugar deberá ler con detemento o documento proposto para contestar as cuestións propostas. Estas deberán ter unha certa extensión e non ser respostas moi curtas.

Puntuación

Total: 10 puntos.

- **Test:** cada resposta correctamente contestada sumará 0,70 puntos. As respostas incorrectas ou en branco non suman nin restan puntuación. A cualificación máxima deste apartado é 7 puntos.
- **Comentario de texto:** cualificarase cun máximo de 3 puntos. Valorarase a expresión ordenada das ideas, a identificación dos elementos significativos básicos, así como a capacidade de análise e relación co momento actual.

Duración

A proba terá unha duración de 60 minutos (1 hora).

Procedemento

As respostas ás cuestións tipo test indicaranse debidamente na táboa final de respostas.

Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Só se poderá utilizar bolígrafo con tinta negra ou azul.

Advertencia para o alumnado

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión.

Parte 1

Test

Indique a resposta correcta na táboa da derradeira páxina:

Indique la respuesta correcta en la tabla de la última página:

1. Atendendo aos usos da razón, diferenciamos razón teórica e razón práctica. A razón práctica é:
Atendiendo a los usos de la razón, diferenciamos razón teórica y razón práctica. La razón práctica es:
 - a) A aplicación da razón á cuestión da acción, do que cada un debe facer.
La aplicación de la razón a la cuestión de la acción, de lo que cada uno debe hacer.
 - b) A aplicación da razón á solución de problemas.
La aplicación de la razón a la solución de problemas.
 - c) A aplicación da razón á transformación da realidade.
La aplicación de la razón a la transformación de la realidad.
2. Que corrente afirma que os sentidos non son unha fonte válida de coñecemento?
¿Qué corriente afirma que los sentidos no son una fuente válida de conocimiento?
 - a) Idealismo trascendental.
Idealismo trascendental.
 - b) Empirismo.
Empirismo.
 - c) Racionalismo.
Racionalismo.
3. O método que máis se adapta á ciencia experimental é:
El método que más se adapta a la ciencia experimental es:
 - a) O método hipotético-dedutivo.
El método hipotético-deductivo.
 - b) O método dedutivo.
El método deductivo.
 - c) O método indutivo.
El método inductivo.
4. Da física actual (relativista e cuántica) extráese como consecuencia filosófica:
De la física actual (relativista y cuántica) se extrae como consecuencia filosófica:
 - a) O determinismo e a predictibilidade.
El determinismo y la predictibilidad.
 - b) O indeterminismo e a probabilidade.
El indeterminismo y la probabilidad.
 - c) A probabilidade e a predictibilidade.
La probabilidad y la predictibilidad.

5. O proceso de humanización describe:

El proceso de humanización describe:

- a) O proceso evolutivo de cambios anatómicos e fisiolóxicos que levan ao homo sapiéns.
El proceso evolutivo de cambios anatómicos y fisiológicos que llevan al homo sapiens.
- b) O proceso de evolución cultural que implica a adquisición dos trazos característicos da nosa especie.
El proceso de evolución cultural que implica la adquisición de los rasgos característicos de nuestra especie.
- c) O proceso de desenvolvemento da conciencia social que nos fai humanos.
El proceso de desarrollo de la conciencia social que nos hace humanos.

6. O libre albedrío:

El libre albedrío:

- a) Refírese a actuar seguindo os desexos.
Se refiere a actuar siguiendo los deseos.
- b) Refírese a determinar a vontade dende o propio criterio.
Se refiere a determinar la voluntad desde el propio criterio.
- c) Refírese a que unha forza interna fainos actuar dun xeito preestablecido.
Se refiere a que una fuerza interna nos hace actuar de una forma preestablecida.

7. A ética formal Kantiana afirma que as accións morais deben estar guiadas por:

La ética formal Kantiana afirma que las acciones morales deben estar guiadas por:

- a) A procura da felicidade.
La búsqueda de la felicidad.
- b) O ben común.
El bien común.
- c) O deber.
El deber.

8. Unha utopía é:

Una utopía es:

- a) Unha sociedade imaxinaria e perfecta que pretende mostrar como podería organizarse unha sociedade ideal.
Una sociedad imaginaria y perfecta que pretende mostrar cómo podría organizarse una sociedad ideal.
- b) Unha sociedade imaxinaria e imperfecta que pretende mostrar os perigos de determinadas actitudes ou posicións.
Una sociedad imaginaria e imperfecta que pretende mostrar los peligros de determinadas actitudes o posiciones.
- c) Unha sociedade realmente existente que serve como modelo de organización para outras sociedades.
Una sociedad realmente existente que sirve como modelo de organización para otras sociedades.

9. O pragmatismo:

El pragmatismo:

- a) Considera a verdade e o valor das accións dende o punto de vista da utilidade social.
Considera la verdad y el valor de las acciones desde el punto de vista de la utilidad social.
- b) Atende á intención das nosas accións.
Atiende a la intención de nuestras acciones.
- c) Estuda como deducir as consecuencias lóxicas dun razonamento.
Estudia como deducir las consecuencias lógicas de un razonamiento.

10. Unha falacia é:

Una falacia es:

- a) Un razoamento consistente, polo que produce erros ou fallos.
Un razonamiento consistente, por lo que produce errores o fallos.
- b) Un razoamento que parece correcto pero non o é.
Un razonamiento que parece correcto pero no lo es.
- c) Un razoamento incorrecto pola falsidade das súas afirmacións.
Un razonamiento incorrecto por la falsedad de sus afirmaciones.

Parte 2

Comentario de texto

Texto

Non se nace muller: chégase a serlo. Ningún destino biolóxico, psíquico ou económico define a figura que reviste no seo da sociedade a femia humana; é o conxunto da civilización o que elabora un produto intermedio entre o macho e o castrado ao cual cualifícase de feminino. Únicamente a mediación doutro pode constituír a un individuo como Outro.

Simone de Beauvoir, *O segundo sexo*.

No se nace mujer: se llega a serlo. Ningún destino biológico, psíquico o económico define la figura que reviste en el seno de la sociedad la hembra humana; es el conjunto de la civilización el que elabora un producto intermedio entre el macho y el castrado al cual se califica de femenino. Únicamente la mediación de otro puede constituir a un individuo como Otro.

Simone de Beauvoir, *El segundo sexo*.

Preguntas

1. A autora afirma que non se nace muller, chégase a serlo. Como o xustifica?

La autora afirma que no se nace mujer, se llega a serlo. ¿Cómo lo justifica?

2. Relaciona o texto coa socialización e a diferenza entre xénero e sexo.

Relaciona el texto con la socialización y la diferencia entre género y sexo.

3. Como se podería facer posible a igualdade de sexos?

¿Cómo se podría hacer posible la igualdad de sexos?

Resposta pregunta 1

Idea principal: A autora afirma que non se nace muller senón que se chega a ser, pois a concepción que temos da muller non procede dun determinismo de ningún tipo senón que é elaborada pola sociedade, que é a que a fai diferente.

A última frase refírese a que se a muller se converteu en un outro (un ser diferente respecto ao home) é porque a sociedade tivo intervención nesa diferenciación ao atribuírlle características diferenciadoras. Non existe unha diferenza natural esencial.

Resposta pregunta 2

Sexo: refírese a un fenómeno biolóxico asociado a ser macho ou femia.

Xénero: refírese a unha categoría social. É unha concepción sobre o masculino e o feminino que se ten nunha sociedade nun momento dado. E esa concepción afecta ao modo como percibimos ao home e á muller.

A socialización é o proceso de aprendizaxe dunha cultura que inclúe a interiorización de roles ou papeis sociais cunhas expectativas asociadas e códigos de valores e normas morais que serven para canalizar o comportamento. A través de premios e castigos, de aprobación ou reprobación de actitudes e comportamentos, conforman o carácter e as pautas de comportamento das persoas. E dado que a parte máis importante da socialización ocorre durante a infancia e actúa de forma inconsciente e ademais con gran carga emocional, son fortemente interiorizadas e de modo acrítico. Ademais os axentes sociais, sobre todo a escola e a familia, contribúen, mediante unha educación sesgada e chea de prexuízos, a manter e perpetuar esa concepción.

Relación ao texto, resposta de elaboración persoal. Podería argumentarse que todos nacemos cun sexo biolóxico pero non hai unha identidade de sexo ou de xénero ancorada á natureza, a unha esencia, senón que se fai cos roles ou papeis sociais. A nosa sociedade vai formando e socializando en base ao concepto que previamente elaborou sobre o masculino e o feminino. Sitúanos e trátanos conforme a esa versión. Xera un rol ou un papel para cada sexo biolóxico e unhas expectativas ás que todos deben amoldarse. O seu incumprimento ou desviación causa rexeitamento social e discriminación.

Ademais, como di a filósofa Adela Cortina, fíxose unha repartición social -falaz e inxusta- das calidades humanas baseándose unicamente na dimorfía. Á muller atribúeselle "calidades femininas" como a submisión, abnegación, tenrura, comprensión, sentimentalismo, entre outras; as "calidades masculinas" son racionalidade, capacidade técnica, forza física, competitividade e ambición, entre outras. A razón desta concepción social non é natural senón arbitraria, baseada en intereses como apartar ás mulleres dos postos de decisión en todos os ámbitos, asegurar man de obra gratuíta no traballo doméstico e o coidado de nenos, enfermos, anciáns... e mesmo a sumisión sexual; e iso faise potenciando as calidades atribuídas a cada sexo e xerando ideas como a suposta incompetencia da muller para asumir e entender cuestións profundas, abstractas ou universais. Mentres, as calidades atribuídas ao home xustifican o seu dereito natural a ocupar cargos de dirección e responsabilidade e a diminución dos dereitos dunha parte da poboación.

Resposta pregunta 3

Resposta de elaboración persoal. Para facer posible a igualdade de sexos podería facerse referencia á aplicación de varios principios:

- Sensibilización: tomar as medidas adecuadas para sensibilizar e educar á opinión pública, para eliminar os prexuízos e abolir toda práctica baseada na idea de inferioridade da muller.
- Respecto á dignidade: combater toda forma de desprezo, desvalorización, ataque, violencia; e tamén combater toda forma de trata de mulleres e de explotación da prostitución feminina. Isto conleva a reclamación e defensa da dignidade da persoa humana no seu conxunto, mulleres e homes.
- Igualdade e recoñecemento efectivo de dereitos (políticos, sociais e económicos) garantida polos gobernos nas leis.

Ou o que é o mesmo: esixir políticas de igualdade de xénero que favorezan:

- A eliminación das diferenzas económicas e laborais (penalizar o pago dun salario inferior por un mesmo traballo, facilitar o ascenso na empresa e a conciliación laboral e familiar, penalizar o acoso sexual no mundo laboral).
- A participación igualitaria nos ámbitos de toma de decisións.
- A implicación dos homes na responsabilidades familiares e a repartición equitativa de tarefas.
- A transmisión de valores e actitudes igualitarias.
- O rexeitamento social, e nos medios de comunicación, de actitudes discriminatorias.
- A igualdade de dereitos e deberes.
- Eliminación da discriminación política, que afasta ás mulleres das posicións de poder e toma de decisións.
- Penalizar a explotación sexual que reduce a mercadoría á muller.
- Castigo penal e social ao que aplique violencia de xénero.
- Concienciación de que a igualdade de mulleres e homes é a mellor defensa da dignidade humana.
- Eliminar o sexismo da linguaxe.
- Apoio legal e acollida de mulleres maltratadas e sen recursos.
- Educación igualitaria.
- E outras medidas.

Respuesta pregunta 1

Idea principal: La autora afirma que no se nace mujer sino que se llega a ser pues la concepción que tenemos de la mujer no procede de un determinismo de ningún tipo sino que es elaborada por la sociedad, que es la que la hace diferente.

La última frase se refiere a que si la mujer se ha convertido en otro (un ser diferente respecto al hombre) es por que la sociedad ha intervenido en la elaboración de esa diferenciación al tribuirle características diferenciadoras. No existe una diferencia natural esencial.

Respuesta pregunta 2

Sexo: se refiere a un fenómeno biológico asociado a ser macho o hembra.

Género: se refiere a categorías sociales. Es una concepción sobre lo masculino y lo femenino que se tiene en una sociedad en un momento dado. Y esa concepción afecta al modo como percibimos al hombre y a la mujer.

La socialización es el proceso de aprendizaje de una cultura que incluye la interiorización de roles o papeles sociales con unas expectativas asociadas y unos códigos de valores y normas morales que sirven para encauzar el comportamiento. A través de premios y castigos, de aprobación o reprobación de actitudes y comportamientos, conforman el carácter y las pautas de comportamiento de las personas. Y dado que la parte más importante de la socialización ocurre durante la infancia, y actúa de forma inconsciente y además con gran carga emocional, son fuertemente interiorizadas y de modo acrítico. Además los agentes sociales, sobre todo la escuela y la familia, contribuyen, mediante una educación sesgada y llena de prejuicios, a mantener y perpetuar esa concepción.

Relación al texto, respuesta de elaboración personal. Podría argumentarse que todos nacemos con un sexo biológico, pero no hay una identidad de sexo o de género anclada a la naturaleza, a una esencia, sino que se hace con los roles o papeles sociales. Nuestra sociedad nos va formando y socializando en base al concepto que ha elaborado sobre lo masculino y lo femenino. Nos sitúa y nos trata conforme a esa versión. Genera un rol o un papel para cada sexo biológico y unas expectativas a las que todos deben amoldarse. Su incumplimiento o desviación causa rechazo social y discriminación.

Además, como dice la filósofa Adela Cortina, se hizo un reparto social -falaz e injusto- de las cualidades humanas basándose únicamente en la dimorfía. A la mujer se le atribuyen "cualidades femeninas" como la sumisión, abnegación, ternura, comprensión, sentimentalismo, entre otras. Las "cualidades masculinas" son racionalidad, capacidad técnica, fuerza física, competitividad y ambición, entre otras. La razón de esta concepción social no es natural sino arbitraria, basada en intereses como apartar a las mujeres de los puestos de decisión en todos los ámbitos, asegurar mano de obra gratuita en el trabajo doméstico y el cuidado de niños, enfermos, ancianos... e incluso la sumisión sexual; y eso se hace potenciando las cualidades atribuidas a cada sexo y generando ideas como la supuesta incompetencia de la mujer para asumir y entender cuestiones profundas, abstractas o universales. En cambio las cualidades atribuidas al hombre justifican su derecho natural a ocupar cargos de dirección y responsabilidad y la merma de los derechos de una parte de la población.

Respuesta pregunta 3

Respuesta de elaboración personal. Para hacer posible la igualdad de sexos podría hacerse referencia a la aplicación de varios principios:

- Sensibilización: tomar las medidas adecuadas para sensibilizar y educar a la opinión pública. Lo que conlleva eliminar los prejuicios y abolir toda práctica basada en la idea de inferioridad de la mujer.
- Respecto a la dignidad: combatir toda forma de desprecio, desvalorización, ataque, violencia; y también combatir toda forma de trato de mujeres y de explotación de la prostitución femenina. Conlleva la reclamación y defensa de la dignidad de la persona humana en su conjunto, mujeres y hombres.
- Igualdad y reconocimiento efectivo de derechos (derechos políticos, sociales y económicos) garantizada por los gobiernos en las leyes.

O dicho de otra manera, exigir políticas de igualdad de género que favorezcan:

- La eliminación de las diferencias económicas y laborales (como penalizar el pago de un salario inferior por un mismo trabajo, facilitar el ascenso en la empresa y la conciliación laboral y familiar, penalizar el acoso sexual en el mundo laboral).
- La participación igualitaria en los ámbitos de toma de decisiones.
- La implicación de los hombres en las responsabilidades familiares y el reparto equitativo de tareas.
- La transmisión de valores y actitudes igualitarias.
- El rechazo social y en los medios de comunicación de actitudes discriminatorias.
- La igualdad de derechos y deberes.
- Eliminación de la discriminación política, que aleja a las mujeres de las posiciones de poder y toma de decisiones.
- Penalizar la explotación sexual que reduce a mercancía a la mujer.
- Castigo penal y social al que aplique violencia de género.
- Concienciación de que la igualdad de mujeres y hombres es la mejor defensa de la dignidad humana.
- Eliminar el sexismo del lenguaje.
- Apoyo legal y acogida de mujeres maltratadas y sin recursos.
- Educación igualitaria.
- Y otras medidas.

Filosofía

Táboa de respostas do test

Marque cun X a letra da resposta que considere correcta:

Marque con una X la letra de la respuesta que considere correcta:

TÁBOA DE RESPOSTAS			
Nº	A	B	C
1	X		
2			X
3	X		
4		X	
5		X	
6		X	
7			X
8	X		
9	X		
10		X	

Preguntas tipo test	/ 7
Redacción	/ 3
Total	/10